

Traballo sobre *Enquiridión*, de Epícteto

1.

- Resume en 3 máximas as ideas expostas por Epícteto no seu libro. [Unha máxima é unha regra para a conducta, e debe ser formulada de forma máis ou menos breve, nunha frase].
- Explica en profundidade en que consisten estas máximas que escolleches.
- Pon exemplos dados por Epícteto no libro de como comportarse de acordo con estas máximas.

2.

Responde:

- A que escola filosófica pertencía Epícteto?
- Coñeces algún representante moderno desta escola?

3.

- Reflexiona: son aplicables á actualidade as ensinanzas de Epícteto?
- Pensa nas seguintes situacións e ponte na pel de Epícteto, é dicir, di como cres que el respondería:
 - A Pepe mórrelle a súa filla e está tremendamente triste, non sabe que facer.
 - María vai a unha festa e é insultada polo anfitrión, unha persoa que ten o costume de desairar aos demais. María está furiosa.
 - Rebeca estudou moito para o exame e está moi nerviosa. Teme que non vaia ser capaz de responder a tódalas preguntas.
 - Xulián, no pasado, comportouse de formas deshonrosas que hoxe lle causan un grave arrepentimento.